JOSE LUIS SUAREZ MARTINEZ (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 24/11/2026
HASH: 1293269961887ccc f4d94a1676cfba25

EDICTO

Faise público que, mediante Decreto da Alcaldía de data 24 de novembro de 2026, aprobáronse as bases que rexerán o Concurso de Beléns Nadal 2026, organizado polo Concello de Monterrei.

BASES DO CONCURSO DE BELÉNS NADAL 2026

Primeira. Participantes

Poderán participar as asociacións, agrupacións, colexios, entidades cidadás e particulares en xeral pertencentes ao Concello de Monterrei que formalicen a súa inscrición dentro do prazo establecido.

É preciso que aquelas persoas que actúen como representantes de colectivos dean os seus datos completos.

Segunda. Características

Os beléns poderán ser de calquera tamaño, e estar en lugares accesibles ao público (igrexas, centros sociais, rúas públicas, baixos de particulares, etc.).

Deberán recrear ambientes rurais, utilizando para a súa elaboración materiais tradicionais tales como serraduras, cortiza, ríos con auga en movemento, etc. Valorarase positivamente en todos os casos a orixinalidade, o traballo artesanal, o enxeño, a riqueza artística, o esforzo, os materiais utilizados, o uso de elementos reciclados e a laboriosidade na execución das obras.

Valoraranse negativamente os detalles de mal gusto e todo o que atente contra o carácter propio que debe presidir os nacementos.

Os beléns participantes deberán incluír como mínimo as tres escenas fundamentais: animación dos pastores, nacemento e adoración dos Reis.

Terceira. Inscrición

As persoas interesadas en participar no concurso deberán formalizar a súa inscrición **ata o día 15 de decembro de 2026**, nas oficinas do Concello de Monterrei, de luns a venres en horario de 9:00 h a 14:00 h, ou a través da sede electrónica: https://monterrei.sedelectronica.es/info.0

Cod. Validación: 3KJ4E55GTJNREGTC5M7JHFR2L
Corrección: https://monterrei.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

Deberán facilitar todos os datos de contacto: nome da entidade e representante, teléfono, enderezo e correo electrónico. Así mesmo, deberán indicar o lugar no que está situado o belén participante.

Cuarta. Xurado e puntuación

Haberá un xurado que estará integrado por un representante eclesiástico e un representante do Concello. O xurado visitará todos os beléns inscritos. Cada membro do xurado puntuará cada belén de 0 a 10 puntos. A suma dos puntos recibidos determinará os dous beléns premiados: o de maior puntuación obterá o 1º premio e o seguinte o 2º premio.

En caso de empate entre beléns que optan a algún dos premios, volverase puntuar entre os empatados, pero nesta ocasión do 1 ao 3, e así sucesivamente ata que quede desfeito o empate.

O xurado efectuará as visitas en datas que se comunicarán con antelación, para o que chamará previamente aos inscritos ao teléfono facilitado na inscrición, co fin de acordar con eles o día e a hora da visita. O xurado resérvase a facultade de interpretar as presentes bases ou resolver calquera imprevisto. A ser posible, deberán estar presentes os autores dos beléns durante a visita do xurado.

Quinta. Premios

Os premios que se outorgarán serán os seguintes:

- 1º premio: 100 €
- 2º premio: 50 €

Todos os inscritos no concurso recibirán un recoñecemento pola súa participación.

O resultado do concurso farase público o mesmo día da sinatura da acta do xurado.

O día **5 de xaneiro de 2027**, será a entrega de premios.

Sexta. Protección de datos e imaxes

Os datos persoais facilitados na inscrición serán tratados polo Concello de Monterrei coa única finalidade de xestionar o concurso, de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos. A participación implica a autorización para a difusión de imaxes dos beléns e dos seus autores nos medios de comunicación e canles do Concello.

Séptima. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación íntegra das presentes bases.

Cod. Validación: 3KJ4E55GTJNREGTC5M7JHFR2L
Corrección: https://monterrei.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

O que se fai público para xeral coñecemento e participación.

En Monterrei, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE

José Luís Suárez Martínez

Cod. Validación: 3KJ4E55GTJNREGTC5M7JHFR2L
Corrección: https://monterrei.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3